



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Lingua Portuguesa 1 | Código | 613G02022 | |
| Titulación | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Portugués | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Lourenzo Modia, Cilla | Correo electrónico | cilla.lourenzo.modia@udc.es | |
| Profesorado | Lourenzo Modia, Cilla Rubert de Araujo, Andréa | Correo electrónico | cilla.lourenzo.modia@udc.es a.rubert@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia fornece formación de carácter teórico-práctico na descrición e no uso instrumental da lingua portuguesa nas súas modalidades oral e escrita. O alumnado debe adquirir todas as competencias do usuario básico (A2), ben como se iniciar na adquisición de competencias do usuario independente, encadrado no nivel soleira (B1), de acordo co "Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas". | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A4 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega. |
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A12 | Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| A20 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas. |
| A21 | Dominar a gramática da lingua galega. |
| A22 | Dominar a gramática da lingua portuguesa. |
| A26 | Coñecer a variación lingüística da lingua portuguesa. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
| | |



| | | | |
|--|--------------------------|----------|----|
| Dominar a lingua galega na oralidade e na escrita a nivel avanzado. | A4 A8 A15 | | |
| Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. | A1 A2 A10 A11 | | |
| Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica | A15 | | |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. | | B1 B2 | |
| Adquirir capacidade de autoformación | | B3 | |
| Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. | A26 | B4 | |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas | | B5 | |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. | | B6 | |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. | | B7 | |
| Apreciar a diversidade | A20 | B8 | |
| Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. | A12 A20 A21 A22 | | C2 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | B10 | C4 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Apresentar(-se) e despedir(-se). Cumprimentar. Dar informacións persoais. | 1.1. Alfabeto. Questões gerais de ortografía. Artigo. Pronome persoal tónico. Substantivo e adjetivo. Interrogativo. Numeral cardinal. Presente do Indicativo. Advérbio de afirmación e de negación. 1.2. Dados persoais (morada, estado civil, profesión, nacionalidade). Formas de tratamento. |
| 2. Localizar e describer lugares. Pedir informacións. Indicar direccións. | 2.1. Demonstrativo. Preposición e locución prepositiva. Contração. Advérbio e locución adverbial de lugar. Conjugación perifrástica. 2.2. Cidade. Casa. Universidade. |
| 3. Relatar accións cotidianas. Perguntar e dizer as horas. Fazer compras, reservas e pedidos. | 3.1. Acentuación. Pronome persoal átono. Advérbio e locución adverbial de tempo. 3.2. Dia-a-día. Banco. Alimentación. Local de traballo. Alojamento. |
| 4. Fazer planos. Expressar gostos e preferências. Convidar, aceptar e recusar convites. Falar ao telefone. Escrever cartas. Falar sobre o tempo. | 4.1. Comparativo e superlativo. Posesivo. Conjunção e locución conjuntiva. Numeral ordinal. 4.2. Lazer. Épocas festivas. Férias e viagens. Transporte. Tempo cronolóxico. Tempo atmosférico. Telefonema, mensaxe e carta. Desporto. |
| 5. Describer persoas e obxectos. Aconsellar e dar instrucións. | 5.1. Imperativo. Relativo. 5.2. Familia. Saúde. Corpo humano. Cores. Vestuário e calçado. |
| 6. Relatar acontecementos pasados. Defender puntos de vista. | 6.1. Pretérito Imperfeito, Pretérito Perfeito Simple e Pretérito Mais-Que-Perfeito do Indicativo. Indefinido. Advérbio e locución adverbial de modo. 6.2. Festas e tradicións. Costumes. |
| 7. Apresentar características profesionais. Enfrentar unha entrevista. Elaborar un Curriculum Vitae. Fazer inquéritos. Relatar acontecementos futuros. | 7.1. Pronome persoal átono de CD e de CI. Futuro e Condicional do Indicativo. 7.2. Vida profesionais. Precisión léxico-semántica. Falsos amigos. Expressões idiomáticas. |



| Planificación | | | | |
|---------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A1 A8 A15 B1 B7 B8 C2 C4 | 0 | 10 | 10 |
| Obradoiro | A2 A8 A10 A12 A15 B4 B5 B7 C2 C4 | 30 | 16 | 46 |
| Presentación oral | A8 A15 B3 B4 C2 | 2 | 1 | 3 |
| Prácticas a través de TIC | A8 B1 B2 B3 C2 | 0 | 2 | 2 |
| Resumo | A8 A11 A15 B3 B6 B7 C2 | 0 | 1 | 1 |
| Sesión maxistral | A8 A15 A21 B4 B5 B8 C2 C4 | 17 | 19 | 36 |
| Traballos tutelados | A8 A10 A15 B1 B3 B6 B7 C2 C4 | 0 | 30 | 30 |
| Proba obxectiva | A1 A2 A4 A8 A10 A11 A15 A22 A26 B1 B3 B5 B6 B7 C2 | 0 | 15 | 15 |
| Discusión dirixida | A8 A10 A15 A20 B4 B5 B7 B10 C2 C4 | 2 | 2 | 4 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | Considérase ?lectura? calquera tipo de material (textos de manuais, xornais, revistas, foros de internet etc.) que o estudiantado terá de coñecer para a realización de certas actividades de maneira presencial ou non presencial. |
| Obradoiro | Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de comprensión lectora e de produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos). |
| Presentación oral | Neste tipo de proba avalíase a competencia comunicativa de cada estudante mediante unha pequena entrevista ou conversa co profesor ou coa profesora, en que talvez deba improvisar determinadas situacións. Na proba oral poderán empregarse textos, imaxes ou materiais audiovisuais como apoio. |
| Prácticas a través de TIC | O alumnado deberá facer uso das novas tecnoloxías para preparar actividades propostas nas aulas. |
| Resumo | Realizaranse con frecuencia sínteses dos principais contidos fixados no programa, co obxectivo de facilitaren unha correcta comprensión. |
| Sesión maxistral | As sesións maxistras consistirán en exposicións orais de carácter fundamentalmente teórico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. En tales sesións guiarase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo. |
| Traballos tutelados | Baixo a coordinación do profesor ou da profesora, cada estudante levará a cabo diversas actividades (corrección e/ou elaboración de textos), ben de maneira individual ben en pequenos grupos, co obxectivo de partillar información, coñecementos e habilidades. |
| Proba obxectiva | A proba escrita permite avaliar coñecementos, capacidades, habilidades etc. en destrezas como a comprensión e a produción escritas. Pode combinar preguntas de resposta múltipla, de resposta breve, de ordenación, de asociación, de discriminación? |
| Discusión dirixida | Enténdese por ?discusión dirixida? aquela actividade desenvolvida polo alumnado en grupos pequenos en que se porá en práctica a expresión e a comprensión orais en lingua portuguesa. Debateranse diversos temas baixo a supervisión do profesor ou da profesora. Nestas sesións prestarase unha especial atención á participación activa do estudiantado |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o alumno ou a alumna informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada.</p> <p>Alén diso, cada estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto do desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento, quer por medio do correo electrónico.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---|---|---------------|
| Traballos tutelados | A8 A10 A15 B1 B3 B6 B7 C2 C4 | Os traballos individuais e grupais (tanto presenciais como non presenciais) encomendados polo profesorado ao longo do curso suporán un 20% da nota final. Terase en conta especialmente a aprendizaxe colaborativa. | 20 |
| Proba obxectiva | A1 A2 A4 A8 A10 A11 A15 A22 A26 B1 B3 B5 B6 B7 C2 | O estudiantado deberá realizar unha proba obxectiva de comprensión oral e escrita e de produción escrita (exercicios, elaboración de textos breves), en que se avaliarán os coñecementos adquiridos tanto nas sesións maxistras como nos grupos intermedios e pequenos. | 50 |
| Discusión dirixida | A8 A10 A15 A20 B4 B5 B7 B10 C2 C4 | As intervencións orais de cada estudante durante as discusións dirixidas (conversa) corresponderanse cun 10% da nota final. | 10 |
| Presentación oral | A8 A15 B3 B4 C2 | Cada alumno ou alumna terá de realizar unha proba oral, orientada á demostración da súa competencia comunicativa en lingua portuguesa. | 20 |

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS

1.1.

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e cos procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que subirá ao campus virtual.

1.2. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na proba obxectiva deberá obter como mínimo 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.

1.3. Se houber

criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas

propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesorado

en formato "rúbrica" nas aulas ou a través

do campus virtual. O / A docente achegará, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

1.4. Os traballos tutelados entregaranse na aula, en papel, nos días fixados polo profesorado.

1.5. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final das actividades

se estas se entregaren fóra de prazo sen causa xustificada.

1.6. Os / As

alumnos/as que non superaren a materia na 1.^a oportunidade (xaneiro) poderán recuperala parcial ou totalmente na 2.^a oportunidade (xullo) segundo as normas detalladas na epígrafe seguinte.

1.7. Tanto as actividades como as probas

deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado no campus virtual).

1.8. Os traballos

presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio (mesmo de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades polo/a estudante).

1.9. En

calquera actividade avaliábel a falta de honradez académica implicará que o/a estudante sexa cualificado/a con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se producir na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, modificarase a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se for necesario.

1.10. A

materia poderá ser adaptada ao estudantado que precisar da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte as indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa cal se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da orientadora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal).

1.11. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos os sexos, propiciarse a intervención na aula de alumnos de e de alumnas



etc.).

Traballarase para identificar e modificar preconceptos e actitudes sexistas e influirase na contorna para os modificar e fomentar valores de respecto e de igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para as corrixir.

2. CUALIFICACIÓN NA 2.^a OPORTUNIDADE (XULLO)

2.1.

As

persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas reservadas para a avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que se lles solicitaren e superar tamén aquelas probas (orais e / ou escritas) fixadas polo profesorado da materia.

3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A (NP)

3.1.

Será considerado/a Non Presentado/a aquel alumno ou alumna que non compareza á proba escrita ou que non entregue ningunha das actividades.

4. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

4.1.

O

estudantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante (os traballos relativos ao obradoiro solicitaránselle por e-mail) e, se non puidese asistir ás titorías, deberá contactar cos / coas docentes a través do correo electrónico.

5. CONVOCATORIA DE DECEMBRO

5.1. O alumnado que se presentar á convocatoria de decembro será avaliado da seguinte maneira: proba obxectiva (50 %), presentación oral (20 %) e traballos tutelados (30 %).



Fontes de información

Bibliografía básica

- Cintra, L. / Cunha, C. (2013). Nova Gramática do Português Contemporâneo. Lisboa: Figueirinhas
 - Coelho, J. (2015). Dicionário Global da Língua Portuguesa. Lisboa: Lidel
 - Coelho, L. / Oliveira, C. (2014). Gramática Aplicada Português Língua Estrangeira -A1/A2/B1. Lisboa: Texto Editora
 - Frías Conde, X. (2014). Compêndio de gramática portuguesa elementar. S.L.: lanua Editora
 - Malcata, H. (2011). Guia Prático de Fonética. Acentuação e Pontuação. Lisboa: Lidel
 - Matos, M. (2013). Dicionário Ilustrado de Português. Lisboa: Lidel
 - Monteiro, D. / Pessoa, B. (2011). Guia Prático dos Verbos Portugueses. Lisboa: Lidel
 - S/A (2013). Prontuário da Língua Portuguesa. Porto: Porto Editora
 - Vázquez Cuesta, P. (2004). O que um falante de português deve saber sobre o galego. Lisboa: Colibri
 - Ventura, H. / Caseiro, M. (). Guia Prático de Verbos com Preposições. Lisboa: Lidel
- Dicionários em linha Dicionário da Língua Portuguesa da Academia das Ciências de Lisboa:
<https://dicionario.acad-ciencias.pt/Dicionário Priberam Online de Português Contemporâneo>:
<https://dicionario.priberam.org/Infopédia>. Dicionário Porto Editora:
<https://www.infopedia.pt/dicionarios/lingua-portuguesa/> Outros Guia de conversação inglês-português e português-inglês da Porto Editora: <https://www.infopedia.pt/guias-de-conversacao/ingles-portugues> Ciberdúvidas da Língua Portuguesa: <https://ciberduvidas.iscte-iul.pt/Conversor texto-voz Text-to-Speech>: <https://tsfree.com/pt>

Bibliografía complementaria

- Coelho, L.; Oliveira, C. (2009). Aprender Português 1. Lisboa: Texto Editora
 - Coelho, L.; Oliveira, C. (2014). Aprender Português 2. Lisboa: Texto Editora
 - Coelho, L. / Oliveira, C. (2015). Português em foco 1. Lisboa: Lidel
 - Coelho, L. / Oliveira, C. (2017). Português em foco 2. Lisboa: Lidel
 - Coimbra, O. M.; Coimbra, I. (2012). Gramática Ativa 1. Lisboa: Lidel
 - Coimbra, O. M.; Coimbra, I. (2012). Gramática Ativa 2. Lisboa: Lidel
 - Dias, A. C. / De Sousa, R. B. (2012). Entre nós 1. Lisboa: Lidel
 - Dias, A. C. / De Sousa, R. B. (2017). Entre nós 2. Lisboa: Lidel
 - Freitas, F.; Henriques, T. (2011). Qual é a dúvida?. Lisboa: Lidel
 - Lemos, H. (2013). Comunicar em português. Lisboa: Lidel
 - Lemos, H. (2013). Dialogar em Português. Lisboa: Lidel
 - Malcata, H. (2013). Português atual 2. Lisboa: Lidel
 - Mascarenhas, L. (2014). Cultura e História de Portugal 1 - A2/B1. Porto: Porto Editora
 - Pascoal, J.; Oliveira, T. (2013). Exames de Português A2-B2 (CAPLE-UL - CIPLE, DEPLE, DIPLE). Lisboa: Lidel
 - Ramos, E. (2006). Portugalizar. Português para galegos falantes. Vigo: Xerais
 - Rente, S. (2013). Expressões idiomáticas ilustradas. Lisboa: Lidel
 - Rosa, L. (2004). Vamos lá Começar! Exercícios de vocabulário. Lisboa: Lidel
 - Rosa, L. (2011). Vamos Lá Começar! Explicações e Exercícios de Gramática. Lisboa: Lidel
 - Rosa, L. (2011). Vamos Lá Continuar! - Explicações e Exercícios de Gramática. Lisboa: Lidel
 - Ruela, I. (2015). Vocabulário temático. Lisboa: Lidel
 - Silva, M. (2011). Português atual 1. Lisboa: Lidel
 - Kuzka, R. / Pascoal, J. (2015). Passaporte para português 1. Lisboa: Lidel
 - Kuzka, R. / Pascoal, J. (2016). Passaporte para português 2. Lisboa: Lidel
 - Tavares, A. (2014). Português XXI - 2. Lisboa: Lidel
 - Tavares, A. (2014). Português XXI - 3. Lisboa: Lidel
 - Lemos, H. (2013). Praticar português. Nível Elementar. Lisboa: Lidel
 - (). .
-

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



| |
|--|
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Lingua Galega 1/613G02002 |
| Materias que continúan o temario |
| Lingua Portuguesa 2/613G02035 |
| Observacións |
| |

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías